

# CASO 137

Dóminik Moll, 2025

# 1772

ESTREA EN NUMAX: 19.06.2026 | V.O.S.E. | +12 | 115 min

Stéphanie, axente de policía de Asuntos Internos, é asignada a un caso relacionado cun mozo gravemente ferido durante unha manifestación. O caso adquire aos poucos un cariz persoal ao descubrir que a vítima é da súa mesma vila ca ela o que transformará o dossier 137 en algo máis ca un simple caso.

«Denuncia a impunidade da violencia policial nun solvente drama policíaco enmarcado nas protestas dos chalecos amarelos»

Pepa Blanes, CADENA SER



## Un contundente thriller político

Por Ángel Quintana

En 2020 estreouse un documental titulado *Un pays qui se tient sage*, dirixido por David Dufresne, no que se criticaban os abusos policiais levados a cabo para reprimir o movemento dos chalecos amarelos en Francia. O documental que foi nomeado ao César serviu para sacar á luz cuestións como as torturas policiais, as represións nas manifestacións e os silencios administrativos. Con motivo das numerosas críticas recibidas contra a policía, o Ministerio do Interior creou unha comisión policial dedicada a investigar certas actuacións que acabaron con perdas de ollos ou amputacións nalgúns manifestantes.

Dominik Moll parte deste contexto en *Dossier 137* –realizada despois do éxito d’*A noite do 12* (2022)– para realizar unha contundente película de denuncia policial que acaba sacando á luz a hipocrísia dun país que crea comisións éticas para loitar contra os abusos policiais que se producen nun Estado de dereito, pero que non pode penalizalos porque comprometen o bo nome dos corpos policiais. “Vostede realizou un bo traballo, pero o seu problema é que está a levar a cabo un traballo inútil”, dille nun momento da película a nai dun neno que sufriu un traumatismo cranial á policía encargada de levar a cabo unha investigación.

Ao comezo da súa película, Moll indícanos que a historia que conta é unha ficción, pero admite que o contexto no que inscribe a película é real. O 8 de decembro de 2018, durante unha manifestación dos chalecos amarelos polas rúas de París, houbo numerosos feridos e rompéronse uns cantos escaparates dos Campos Elíseos. Uns días despois dos feitos, unha policía, Stéphanie (impecable Léa Drucker) ha de investigar as causas que provocaron que un mozo adolescente sufrise un golpe de bala de goma na cabeza que lle provocase unha grave lesión cranial. Os responsables da policía indícanlle que as accións violentas da policía foron executadas nunha situación extrema para protexer a República. Os posibles policías procesados no caso menten e só se dedican a incriminar os mozos manifestantes. Grazas a unha gravación de vídeo, a policía consegue pescudar como sucederon os feitos e ten probas suficientes para demostrar que a policía disparou directamente á cabeza do neno. A verdade pode ferir e a República Francesa debe defender o seu corpo policial, aínda que este actuase á marxe do respecto aos dereitos humanos.

Moll parte destas premisas para preguntarse que pasa cando unha muller que coñece a policía por dentro é acusada de perseguir aos seus compañeiros, no canto de perseguir a delincuentes. Moll realiza un thriller político contundente, que atopa os matices necesarios para dotar de complexidade á situación, apoiándose nun excelente guión e sentido narrativo. Moll quere facer unha película de denuncia da política de Emmanuelle Macron, pero sen obviar a complexidade dun movemento que demostrou, tras o descontento, non dispoñer dunhas bases ideolóxicas fortes. Por outra banda, a película é tamén unha obra de xénero que non estaría demasiado lonxe de certo cine de denuncia característico de Sidney Lumet.

Publicado en [caimanediciones.es](http://caimanediciones.es)